

O MILHOMES NON TIÑA NAVALLA PARA RELER A ESMORGA

XOSÉ M. MILLAN OTERO

Ao David, que se fixou na navalla

Unha entre as moitas novidades que *A Esmorga* aporta á narrativa galega é o alto grao de colaboración leitora que o texto demanda. Na súa aparente simplicidade, a novela oculta tanto como mostra, e os silencios son nela tan significativos como as voces que oímos. O lector non só debe reconstruír a parte que o primeiro narrador lle furta ao amputar as intervencións do Xuíz, senón que debe percorrer o texto armado de todos o sentido crítico. *A Esmorga* demanda, a parte un lector atento, un lector *suspiciado*, disposto a desvelar dúbidos sentidos, ambigüidades, autocontradiccións e, primordialmente, as motivacións que moven cada unha das palabras de Cibrán o Castizo na súa declaración.

Como alerta contra o lector incauto é que funciona a presentación en pluma do primeiro narrador, que amais de nos "explicar" a xénese do discurso, pretende acentuar a nosa desconfianza ante o que ven a seguir. De outro modo, a referencia a múltiples fontes orais e escritas non pasaría de mero xogo verbal, se temos en conta que se aproveita só unha das fontes posibles —a deposición oral do protagonista ante o xuíz—, reducíndose a utilización das restantes, ás últimas liñas da novela, para deixar na incógnita as circunstancias da morte de Cibrán. Como o primeiro narrador nos di, a "voz populi" transforma a historia á súa conveniencia: o Tixerador conta os sucesos da morte de Cibrán de pendendo do humor; o tio "ministro" do xulgado é xa vello e mal recorda; por último, os papeis procesais enteiran a verdade co cascado da retórica xudicial. Lector: abre os ollos, anda con tento, non creas nada... xulga.

No cimo da ironía, o primeiro narrador mesmo chega a "conducir" os posibles prexuízos en que o lector moralizante e non suspiciado puidera caer: collerlle xenreira ao Milhomes. Mais, unha vez lida a novela, ¿por que ter xenreira ao Milhomes, ese anxo desgraciado e xusticeiro?

E, como primeira conclusión, se n' *A Esmorga* nada é como aparenta, se non pode haber xustiza porque non hai certeza, ¿por que crer xustamente a versión do principal implicado?

O NARRADOR INFIEL

Algunhas das consideracións arriba esbozadas son clásicas na análise d' *A Esmorga*. Sen embargo, unha vez sinalada a incerteza textual, críticos e lectores téñense deixado atrapar pola innegábel habelencia retórica de Cibrán até ver o mundo narrativo exclusivamente polos seus ollos e dar por certo o que na novela é máis infiel: a deposición do narrador-testemuña-protagonista-reo. De aí que as interpretacións máis sagaces choquen con preguntas para as que só hai respostas débiles: ¿Por que mata Milhomes a Bocas? ¿Está diexeticamente xustificada a acción? ¿Ten o Milhomes suficiente distanciamento afectivo e capacidade de xuízo moral sobre os actos do compañeiro?

Porque o recurso aos ciúmes como factor explicativo non podemos estraelo nen sequer da narración de Cibrán: O Milhomes acompaña sen pestanexar ao Bocas na procu-

ra de satisfacción sexual na casa da Nonfortina, na casa da Nonsó, no pazo de Andrada... ¿Por que non no campo das bestas? No momento de máxima aproximación entre o Bocas e unha muller —coa Viguesa na casa da Nonó—, o Milhomes limitábase a seguir a escena con escepticismo, "que era o seu modo de se burlar ou de dar a entender que estaba de volta do que se dicía", mentres "besexaba, polo baixo, cousas que facían rir" á gobernanta do local. (p.87).⁽¹⁾

Canto á súa capacidade para un lóstrego de xuízo moral que lle permita decatarse da barbaridade que ven de cometer o Bocas coa Socorrito, nada no perfil psicolóxico do personaxe nen na súa evolución narrativa nos permite supor tal posibilidade. Deseñado polos comentarios de Cibrán, a figura do Milhomes sobrepasa en depravación á do Bocas: o que neste hai de "nobreza" —identificada coa súa afoiteza— hai en Milhomes de falsía e crueldade gratuita. E non é extraño que o narrador se compraza en detallar o episodio do roubo á tia Delfina (p. 66), o saqueo no pazo de Andrada (p. 114) ou a saña con que Milhomes suxeita polos pelos á Costilleira (p. 93) mentres o Bocas a golpea en pieno rostro. A propia descripción física dos dous personaxes —pp. 67 e 69— non oculta o grao de envexosa admiración de Cibrán polo Bocas á par da desfiguración mostrosa do Milhomes.

A presentación do personaxe é, naturalmente, interesada. Forma parte das múltiples estratexias deseñadas polo narrador con vistas a disfrazar a súa propia responsabilidade nos acontecementos. Como única testemuña das mortes, ten a posibilidade de construír a realidade á súa medida; como único sobrevivente, é tamén o único susceptible de ser culpado e castigado. Non é gratuito que a declaración arranque cunha negación taxativa das afirmacións doutros declarantes, que descoñecemos pero que poderíamos supor: "Non, señor, non lle foi así como está nese papel que leron. (...) Nin no escomenzo das cousas, nin do que veu despois, nin do remate, ninguén sabe nada porque ninguén viu nada..." (pp. 13-14).

Neste sentido, só en clave autoxustificatoria é que pode ser lida a novela: cada frase do Cibrán forma parte dunha estratexia meditada tendente a convencer ao xuíz —e aos xuíces lectores— da súa inocencia. Así, os excursos rapidamente atallados en que se valora a si mesmo como home e personaxe; así a extensa referencia inicial ás paces coa Raxada, o amor polo fillo e os sinceros desexos de se rexeitar; as diferenzas que marca a respecto dos seus compañeiros de desgracias; a reincidencia no zar infausto que guía as súas decisións e os seus actos; a debilidade de carácter con que se autorrebaixa para xustificar a súa vinculación á esmorga. Mesmamente o tan manuseado determinismo físico e meteorolóxico —a choiva, a friaxe, os sabañóns nos pés, o picante da so-



Un deseño de Díaz Pardo para *A Esmorga*.

pa de allo fervéndolle no estómago—, en boca de Cibrán non son senón outros tantos recursos —ben mirados, algúns altamente irónicos—, coa fin de resaltar a súa irresponsabilidade diexética. Abondaría unha análise detallada dos momentos da declaración en que estas referencias se producen para a súa función exculpatoria. Como tamén o "pensamento", con canto ten de enaxenación e "conciencia irracional", pero tamén de pretexto para explorar a complicitade do xuíz e do lector... e enredarse cada vez máis na bebedela.

O MILHOMES NON TIÑA NAVALLA

Pode parecer supérfluo —xa adiante que estas notas tiñan o seu de ociosas—, pero nun crime —e n' *A Esmorga*, entre outros, hai un crime—, tan importante como vítima e culpábel é o *corpus delicti*. E as navallas n' *A Esmorga* —tam pouco esquezamos que para a súa verdade interna é un acto procesal—, xogan tamén o seu rol. Cando en 1971 Blanco Amor intenta converter en linguaxe visual a novela e escribe o guiño de *La Parrranda*, entre outras moitas innovacións mixtificadoras, outorga a cada un dos heróis o seu atributo: o Bocas "faca andaluzo ou albaceteño de home camorrista"; o Cibrán "navalla (...) popular galega"; O Milhomes "unha navalla, no peto do chaquetón, grande".⁽²⁾

Pero n' *A Esmorga* (texto), o Milhomes non ten navalla... ou cando menos non hai referencia a ela antes de que sexa necesaria para realizar o seu cometido: "Vinlla pouco, —"confesa" Cibrán—, pero somella ser a navalla de Aladio o Milhomes. (...) Digo que somella porque non lla tiña ollado denantes nin sabía que a levaba" (p. 143). Si teñen navalla o Bocas, que acaba sacando con medo no pazo de Andrada (p. 113); e tamén o Cibrán, como afirma na p. 21, xustamente no momento de se encontrar cos esmorgantes: "Supuxen de seguida que sería unha bulra de coñecidos, pero, polo si ou polo non, afirmei a mau na navalla e quedeime parado". Sen embargo, xa no cabo da novela, ante a dúbida insidiosa pero xustificada do xuíz ao lle mos-

trar o corpo do delito e preguntar pola súa propiedade, o Cibrán acaba por descubrir o seu xogo e autocontradicirse: "Esa é unha parvada e ta parece cousa de mal fe, sen faltarlle ao respecto. Eu non son home de navallas, que o pode dicir todo o mundo no pobo... ¿E fágame o favor de...!" (p. 143).

¿Lapso do escritor ou lapso do personaxe? Resistímo a crer que Blanco Amor, —tan coidadoso en cada detalle—, caía neste despiste propio de presas e noveis. A distancia textual entre ambas referencias e os momentos climáticos en que estas se producen inclínanme a crer no seu carácter deliberado. O lapso é sen dúbida do personaxe, un lapso que desmonta toda a súa estratexia exculpatoria e o condena ante a xustiza. E para probalo, o significativo silencio do xuíz, a perda do autocontrol de Cibrán, até aí tan mesurado, e o "pensamento"... (p. 144).

CIBRÁN, ENTRE A TRAXEDIA E O CINISMO

Orabén, ¿en que modifica a propiedade da navalla as interpretacións globais d' *A Esmorga*? Ou, noutras palabras, ¿en que modifica a autoría a significación global do crime e das circunstancias? Non substancialmente, creo eu. Fago miñas abondas das leituras até agora realizadas —inclusive aquelas tendentes a explicar as razóns do Milhomes—, moi especialmente a difundida por Francisco Rodríguez en múltiples conferencias e no seu traballo "A Esmorga: opresión e violencia na realidade colonial"⁽³⁾. A "culpabilidade" de Cibrán non ven máis que a redimensionar o seu estatus de personaxe central:

—Como ten sinalado Francisco Rodríguez, nun marco colonial caracterizado pola alineación, a incapacidade dos individuos para dialogaren co medio, cos outros e consigo mesmos: a imposibilidade de conciencia e valores éticos, Cibrán é o único personaxe coas mínimas luces, coa mínima inserción

social, coa mínima esclaa de valores para xulgar os actos dos seus compañeiros e obrar en consecuencia, aínda que sexa de forma extemporánea e igualmente violenta. A morte do Bocas é acto do seu "pensamento", conciencia irracional, que se acaba convertendo en enaxenación (ataque de epilepsia).

—A morte do Bocas a maris do castizo non sería senón o remate diexeticamente esixido para a rivalidade que se establece entre os dous desde un inicio e que a versión do narrador non consegue totalmente disimular; a rivalidade sexual latente entre ambos; o enfrentamento físico no pazo do Castelo por mor do Milhomes; o distanciamento crítico de Cibrán de todas as "burradas" que os esmorgantes cometen; a "revelación" *in media re* das accións do Bocas a noite anterior; a dependencia inmotivada que liba a Cibrán cos esmorgantes —para alén da "complicidade" na queima do pazo—, paralela á que manifesta o Bocas con respecto ao Milhomes: o pensamento por mil cousas que o Cibrán non pode xa controlar.

—O que de traxico ten o protagonista, teno de clínico o narrador. Só así se explica a alternancia entre os momentos de plena submisión ao xuíz con aqueles en que se burla del abertamente amparándose na distancia cultural ou na súa dúbida conduta sexual: só así se explica a súa aparente febleza psicolóxica. Desconfiado tanto das resolucións da xustiza tanto como dos seus métodos, Cibrán atende unicamente á súa salvación individual, lonxe de calquer noción de verdade ou solidariedade.

Mais, sexa que for o asasino, queda patente o extraordinario grao de abertura da novela, froito da capacidade de Blanco Amor para dotar este mecanismo de reloxería do suficiente entorno de indeterminación como para permitir múltiples e enconstradas leituras. O que porén creo inquestionábel é que o propio autor nunca deu demasiado creto ás declaracións do seu personaxe. ♦

- (1) As citas fanse pola edición máis corrente de *A Esmorga*, Ed. Galaxia, Biblioteca Básica da cultura galega.
- (2) Tomado de Gonzalo Allegue: *Eduardo Blanco Amor. Diante dun xuíz ausente*, Ed. Nigra, 1993, pp. 260-262.
- (3) In *Eduardo Blanco Amor, terra e liberdade*, Especial de A Nosa Terra, 1993, op. 11-18.

medusa narrativa

A man dereita
Anibal C. Malvar

Premio García Barros
1994

gotelo blanco